

CIRCULAR 27/2016 EMISIÓN DE LICENZAS AÑO 2017

A solicitude de licenzas para o ano 2017 a través da FGTA realizarase segundo o establecido na normativa número 4 (tendo en conta a súa adaptación á normativa da Licenza Única).

Só se admitirán solicitudes de licenzas a través do enlace habilitado ao efecto na páxina web da FGTA www.fgta.es e asinando os anexos que correspondan, que estará operativo a partir do día 14 de decembro de 2016.

O acceso a este enlace será a través da clave remitida os responsables de cada club para a tramitación das licenzas.

A) LICENZAS DE DEPORTISTAS: ARQUEIROS, TÉCNICOS E XUÍCES:

A.1. Solicitude licenzas novas:

- Todos/as deportistas que soliciten licenza nova para o ano 2017 deberán remitir o Anexo I (Documento de información e compromiso para arqueiros), ou o Anexo II (*Documento de información e compromiso* para técnicos e xuíces); e o Anexo IV (Licenza federativa). Este anexo IV deberá vir asinado polo presidente/secretario do club e polo monitor que certifique a cualificación do arqueiro/a.
- No caso dos/as menores de idade deberán cubrir e remitir o Anexo I e o Anexo IV, que deberán estar asinados polo/a representante legal.
- Para a tramitación da licenza nova é obrigatorio o número do DNI do solicitante, nome, apelidos, sexo e data de nacemento.

A.2. Solicitude renovación de licenzas:

- Os menores de idade deberán cubrir e remitir o Anexo IV, que deberá estar asinado polo/a representante legal.

A.3. Titulación Técnicos e Xuíces:

- Todos os técnicos e xuíces que desexen que a súa titulación federativa figure na licenza deberán remitir copia do certificado ou título, ou copia da licenza na que figure dita titulación.

B) LICENZAS DE CLUBS:

O club tramitará a súa licenza a través da páxina web www.fgta.es, completando todos os datos que se lle requiran.

Só os clubs que soliciten a licenza por primeira vez deberán aportar en documento orixinal en papel o Anexo III.



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

CIRCULAR 27/2016 EMISIÓN DE LICENZAS AÑO 2017

C) TRAMITACIÓN

Para poder garantir a vixencia das licenzas a partir do 1 de xaneiro de 2017, as solicitudes deberán de realizarse antes do día 30/12/2016 (UNICAMENTE A TRAVÉS DA PÁXINA WEB)

O **ingreso do importe das licenzas** realizarase por cada club na conta que a FGTA ten aberta a tal efecto en **ABANCA código IBAN ES78 2080 5368 76 30 4000 7146**.

O pago poderá efectuarse ata o día 5 de xaneiro de 2017.

D) ENVÍO DE DOCUMENTACIÓN:

A **documentación orixinal** deberá ser **remitida polo/a responsable** nomeado/a por cada club **antes do día 16 de xaneiro** por correo á Federación ao seguinte enderezo:

FEDERACION GALEGA DE TIRO CON ARCO
Apdo. de Correos 5368
15009 A Coruña

No caso de non recibir a documentación obrigatoria as licenzas quedarán en suspenso ata o momento no que se reciba a dita documentación.



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

CIRCULAR 27/2016 EMISIÓN DE LICENZAS AÑO 2017

RESUMO DE PREZOS

LICENZA	TAXAS RFETA	TAXAS FGTA	SEGUROS	EMISION	TOTAL
ARQUEIRO	10.00 €	10.00 €	3.90 €	1.50 €	25.40 €
ARQ.<14 ANOS	5.00 €	5.00 €	3.90 €	1.50 €	15.40 €
MONITOR RFETA	25.00 €	10.00 €	3.90 €	1.50 €	40.40 €
MONITOR FGTA	10.00 €	10.00 €	3.90 €	1.50 €	25.40 €
XUIZ	25.00 €	10.00 €	3.90 €	1.50 €	40.40 €
ARQ. + MON. FGTA	20.00 €	20.00 €	3.90 €	3.00 €	46.90 €
ARQ. + MON. RFETA	35.00 €	20.00 €	3.90 €	3.00 €	61.90 €
ARQU. + XUIZ	35.00 €	20.00 €	3.90 €	3.00 €	61.90 €
XUIZ + MON. RFETA	50.00 €	20.00 €	3.90 €	3.00 €	76.90 €
ARQ.+MON. FGTA +XUIZ	45.00 €	30.00 €	3.90 €	3.00 €	81.90 €
ARQ. +MON. RFETA+XUIZ	60.00 €	30.00 €	3.90 €	3.00 €	96.90 €
CLUB					110.00 €

A Coruña, 5 de decembro de 2016



Inma Santamarta Rodríguez